

FALEMOS DA NOSA HISTORIA

Para min que o traballo era máis difícil do que a mestra dicía, pero, como ela insistía, empecei a buscar información e a investigar sobre o tema e canto máis lía máis me acordaba daquel día de terrible temporal de chuvia e raios. Agora que teño coñecemento desa procesión de mortos ou ánimas en pena que a partir das doce da noite percorren os camiños coa misión de visitar as casas nas que vai haber unha morte, explicome mellor o acontecido

Eu nunca oíra falar da Santa Compañía e non sabía como era nin moito menos que a súa forma pode variar segundo a tradición das diferentes zonas, aínda que o máis estendido é o dunha comitiva de almas en pena vestidas con túnicas negras con capucha.

Serían as seis da tarde. Eu estaba a ler na cociña, miña irmá maior escoitaba música no mp3 e meu avó e miña nai turnábanse para ir fóra a buscar leña para a cociña de ferro. Meu pai estaba traballando. Meu pai é mariñeiro.

De sócato, plas! Todo estaba cuberto dunha inmensa escuridade. Marchara a luz. Eu deixei o libro e miña irmá deixou de escoitar a música. Miña nai colleu unha lanterna e acendeu dúas veas. Estivemos sen luz moito tempo e ata tivemos que cear sen luz. Miña nai estaba preocupada e intentou poñerse en contacto con meu pai pero o seu móbil non tiña cobertura.

De repente oímos unha porta e escoitamos como se uns pasos se dirixiran ao andar de arriba. Non lles fixemos moito caso pero despois volvémoslos oír. Se daquela soubera o que sei agora habíame vir á cabeza a imaxe desa procesión pantasmal de dúas ringleiras de pantasma cada unha coa súa vea acendida. Polo que lin a procesión vai encabezada por un vivo que leva un caldeiro de auga bendita e unha cruz que, aínda que non sempre sexan visibles, deixan sinal da súa presenza no cheiro a cera e no vento que se levanta cando pasa. Camiñan rezando, cantando cantos fúnebres e tocando unha pequena campaniña.

O avó colleu a lanterna e un coitelo e decidido marchou a ver que pasaba. Miña nai foi tras el. Miña irmá e máis eu, antes de quedar mortos de medo na cociña, fomos detrás. No primeiro chanzo da escaleira había pegadas de auga e había un cheiro raro. Cada vez tiñamos máis medo. Seguramente o rastro que levaba ao cuarto de baño era o da persoa viva que precede á procesión. Esa persoa pode ser un home ou unha muller, depende de se o patrón da parroquia é un santo ou unha santa e esa persoa ao outro día non lembra nada do que pasou pola noite e unicamente se coñecerá que é un penado con este castigo pola súa delgadez e palidez, que aumentan cada día que pasa porque non ten permitido descansar ningunha noite ata que morra ou que outro sexa sorprendido e recolla a cruz que lle pase o que a leva.

Non tódolos mortais teñen a facultade de poder ver A Compañía cos ollos e só certos dotados posúen a facultade de vela, como poden ser por exemplo os nenos aos que o cura bautiza utilizando os óleos dos difuntos que sí a verán cando sexan maiores. Outros han de conformarse con sentila e con ter a sensación de que está a pasar.

O caso é que seguindo a meu avó entramos no cuarto de baño, a onde nos levaban as pegadas. Coa lanterna alumeou a todolos lados pero non vimos nada. As pegadas estaban ben claras no chan e dirixíanse ao cuarto de meus pais. Nerviosos e mortos de medo, todos menos meu avó, seguimos en ringleira cara ao cuarto e tirado na cama, durmindo estaba meu pai.

Meu pai espertou cando entramos no cuarto e nese momento, volveu a luz. A min pareceume que nunca o vira tan delgado nin tan branco.

Se oíra falar da Santa Compañía seguro que eu había de pensar que meu pai era o que ía diante levando a cruz. Pero agora tamén sei que non é moi probable porque a Compañía non se mete nas casas e onde máis aparece é nas encrucilladas e nos camiños que están preto dos cemiterios. Algunhas das causas polas que pode aparecer son: para reclamar a alma de alguén que non tardará en morrer; para anunciar a morte dun coñecido do que presencia a procesión; para cumprir unha pena .

Se alguén topa coa Santa Compañía, para librarse dela terá que: apartarse do camiño da procesión, non mirala , como que non a ve; facer un círculo no chan para meterse dentro; comer algo; rezar e non escoitar a voz nen o son da Compañía; tirarse boca abaixo e e esperar sen moverse; nunca coller a vea que lle pase o defunto da procesión.

A Compañía non terá poder para capturar ao mortal se este se encontra nos chanzos dun cruceiro ou se leva unha cruz con el e pode ensinala a tempo.

